



CRITERIOS DE ELABORACIÓN E CORRECCIÓN DO TERCEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO POR QUENDA LIBRE NUNHA PRAZA DA ESCALA TÉCNICA DE IGUALDADE, SUBESCALA IGUALDADE, SUBGRUPO C1 DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CONVOCADO POLA RESOLUCIÓN DO 5 DE XUÑO DE 2024 (DOG núm. 116 do 17 de xuño de 2024)

O tribunal do proceso selectivo para o ingreso na escala técnica, subescala de igualdade, do subgrupo C1 da Universidade da Coruña, convocado pola resolución do 5 de xuño de 2024 (DOG núm. 116 do 17 de xuño de 2024), fixou a data do terceiro exercicio deste proceso selectivo para o día 4 de decembro ás 10:00 h na Sala do Consello de Goberno da Reitoría, rúa Maestranza, 9, A Coruña 15001.

Este exercicio consistirá na realización de dous supostos prácticos, a elixir entre cinco, do bloque específico do temario. Todos os supostos terán asignada a mesma puntuación e para superar a proba será necesario acadar en cada un o 50% da puntuación. A cualificación final da proba calcularase como a media das puntuacións acadadas en ambos supostos prácticos.

Para este exercicio acórdase utilizar os seguintes:

CRITERIOS DE CORRECCIÓN:

1. COÑECEMENTO DA MATERIA

Os elementos a ter en conta neste punto serán:

- **Dominio do temario.** Precisión e profundidade nos coñecementos. Uso correcto de terminoloxía técnica. Valorarase especialmente a inclusión de referencias legais nas respostas formuladas.
- **Claridade e precisión conceptual.** Uso correcto da terminoloxía xurídica ou técnica.

2. CONCRECIÓN E CAPACIDADE DE ANÁLISE

Os elementos a ter en conta serán:

- **Adecuación ao contido solicitado.** Responder exactamente ao que se pide no enunciado. Non desviarse do tema.
- **Identificación do problema.** Capacidade para detectar os puntos chave do suposto.
- **Proposta de solucións.** Ofrecer solucións adecuadas e ben fundamentadas en informes, estudos ou textos legais.



- **Resolución lóxica e argumentada.**
- **Capacidade de análise e síntese.** Habilidade para estruturar a información, destacar o relevante e relacionar conceptos.
- **Organización.** Disposición lóxica das ideas, introdución, desenvolvemento e conclusión claros.
- **Coherencia interna.** Que as diferentes partes do texto teñan sentido e se conecten entre si.

3. CLARIDADE EXPOSITIVA

Os elementos a ter en conta serán:

- **Claridade e fluidez.** Redacción clara, comprensible, sen ambigüidades e doada de ler.
- **Boa ortografía, gramática e puntuación.** Ausencia de erros ortográficos, gramaticais ou de puntuación.
- **Limpeza na presentación.** Sen tachas ou borróns excesivos.

A Coruña, na data da sinatura electrónica

A presidenta do tribunal

Ana Jesús López Díaz